

PROPOSTA PEDAGÓGICA


MÚSICA POPULAR



OS VILANCICOS



S e r i e



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Xavier Álvarez Campos**

Coordina **Centro de Cultura Popular
"Xaquín Lorenzo Fernández"**

Deseño e Maquetación **Centro de Cultura Popular
"Xaquín Lorenzo Fernández"**

Edita 

Impresión **Imprenta da Deputación de
Ourense**

Dep. Legal

RAIGAME

Apdo. 484

Telf/fax: 988 249493

32080 - Ourense

e-mail: escdanza@depourense.es

www.depourense.es

Todos os dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.



“OS VILANCICOS”

Texto: **Baldomero Iglesias Dobaño “Mero”**

Debuxos: **Santiago Gutiérrez Gómez**

Figuras: **Belén de A. Baltar**

Chegado o tempo de caducidade do ano, chega tamén o tempo singular de esperanza para que a luz volva. Agárdase un Sol cheo que faga duradeiros os días, máis cás noites, e que afaste o escuro inverno facendo renacer a Natureza e espertar do seu letargo a vida.

Chega así o ciclo de Nadal, unha superposición relixiosa por riba de ritos ancestrais e pagáns do solsticio de inverno que se perden na noite dos tempos, que mudaron as celebracións do fin do ano solar en celebracións do Nacemento dun Deus-Neno, na humildade dun pesebre e entre humildes pallas.

Coma calquera celebración dun tempo, O Nadal, ten un modo peculiar de se anunciar: a climatoloxía invernal coas xeadas ventoeiras, noites longas-días curtos, humidade no ambiente, neboeiros, a natureza espi-

da, unha alimentación propia e característica, roupas abrigosas, descanso de certos labores e traballos, a procura de fontes de calor (físico e anímico) que propicia xuntanzas diante do fogar, no arrecendo de ulidos primixenios, cun lume enfeitizador que levanta lapas e dispara muxicas no medio do resplandor que ilumina a ausencia do astro. Proxéctanse sombras e siluetas familiares e séntense os rumores das achas que se entregan a un lume novo e purificador, mentres estalan como facían hai xa centos e miles de anos. Xorden as palabras e algún canto ou música que aparece como reflexo identificador dunha simple expresión estética, ou unha danza ou calquera outra manifestación artística encadrada no seu tempo, no entorno preciso, e que a partir de entón vai seducir a todo un grupo e mesmo a exaltalo facéndose aparecer como protagonista e intérprete de sentimentos.



*“Triste é a noite sen Lúa
negro é o día sen Sol
e a pena da miña alma
se me falta o teu amor”.
Son voltas, son voltas, son
voltas que o mundo dá
son voltas, son voltas, da
noite de Navidá.*


Pero ao mesmo tempo por dentro de nós hai algo máis, e é notorio, que aparece unha mudanza que nos fai ver doutro xeito as cousas grandes e tamén aquelas que só aparentemente son máis pequenas. Prodúcese un achegamento aos demais, aos amigos e conveciños, á familia. Un sente máis fonda a importancia de estarmos xuntos, de nos sentir envoltos nos valores sociais do grupo que abren o corazón á tolerancia e a fondas reflexións, ao amor, á doxura, e mesmo a compartir a vida de xeito máis altruísta e gratuíto que noutras datas do ano.

O tempo de Nadal tiña noutrora máis fondo que formas (en contra do que sucede hoxe que presenta modos e

maneiras externas moi aparentes: comidas descomunais e extraordinarias, moita bebida, regalos, ornamentos, consumo excesivo, desfiles, festas artificiais, etc. contradín e deforman o orixinal encanto da ancestral celebración, e son, por seren universalizantes, moito menos máxicas e admirables ao aportaren unha simboloxía carente de significado na nosa cultura). Foi un modo máis auténtico de vivir, acordes cun ciclo de *desolación*, e cunha harmonía, hoxe añorada, coa natureza. O certo é que se trocou a expresión xubilosa dun tempo concreto por outro rito máis de calquera tempo e que case non indica nada ao recibir o aporte foráneo que lle trocou o sentido.

*Canta paxariño canta
cantarás na primavera
canta que me leva o aire
canta que o aire me leva.
Son voltas, son voltas, son
voltas do meu dedal
son voltas, son voltas, das
noitiñas do Nadal.*





Trocouse aquela alimentación propia dun tempo polas comidas fastuosas, o achegamento físico a carón do lume nas longas noites da festa, dentro dun excesivo consumismo, ... e o que é peor, trocouse a tenrura pola comercialización e o gasto convulsivo deste tempo que era de renovación e fondas reflexións, agora nótase fundamentalmente por regalos de recíproca factura que satisfagan aquela fachenda de sermos moito máis xenerosos e comprometérmonos a, no ano vindeiro, ser mellores e corrixir erros, mentres facemos un brindis de bos desexos, iso si: de costas aos demais ou como moito a un amor fraterno que dure un par de días.

Tamén mudaron os modos expresivos. As danzas, músicas e cantares –hoxe case todos importados e que non amosan a identidade dunha comunidade de xentes, dun tempo, dunha paisaxe, dun pobo. Semellan ser un recopilatorio dunha tribo que vive xa nunha reserva apartada do “homus dixitalis”. Amósase –pola contra– que a tele e os medios de masas son moito máis fortes e poderosos que aquelas vellas tradicións polas que nos reximos e gobernamos axeitadamente durante tantos séculos. E é que para moitos “esas caixas dos múltiples penares” son a ventá na que se pode observar a única e monolítica realidade. E tras dela corremos cegados pola virtualidade atrapallada duns decorados tristemente irreais.

Unha ir/realidade dirixida e controlada que así queren que vexamos. Aínda que iso supoña estar cavando a tumba dunha boa parte de coñecemento humano que se baseaba

naquela aprendizaxe na memoria do tempo, remontado xa ao antes do antes. E que foi así, pasando de boca en boca e entre moitas xeracións,



sendo útil ata os tempos que corren. ¡Eso ya no se lleva! é a única razón que se escoita.

Mentres vandalicamente se cortan árbores e acevos, chegan ofertas cheas de anuncios e teletendas que invitan a aumentar diferenzas entre pobres e ricos. Chegan músicas alleas e alleantes con toda a parafernalia propia do “desmadre” colectivo. A ningún lle acorda xa que o Nadal ou tempo solsticial do inverno é fin e comezo dun ciclo solar. E moito menos poidan lembrar que supón unha reforma ou muda periódica que



vai cerrando fases da vida, na espera do Sol invicto que vencerá de novo a escuridade: a luz deberá vencer ás tebras.

*Voltas e voltiñas, voltas,
voltiñas polo arredore
cantas máis voltiñas, voltas,
cantas máis voltas, millore!
Son voltas, son voltas, son
voltas que o mundo dá
son voltas, son voltas, da
noite de Navidá.*

Pois ben, chegados a este punto no que os máis dos humanos estamos



lonxe, psicolóxica e fisicamente, dos ciclos da natureza, cumpre lembrar que foi nese fondo orixinal e íntimo onde naceu o –hoxe– Nadal. Sendo en orixe unha festa agraria en absoluta simbiose coa Natureza e co Cosmos que produce o achegamento aos demais, cando o foco solar está lonxe. Ese estar máis preto, ese compartir cos outros buscando outros tipos de calor, invita ao roce, provoca a mirada, a palabra, a relación, o trato e a caricia, o bico e a dozura (que teremos que recuperar un por un e unha a unha) e é aí onde tamén nace a necesidade de cantar con “palabriñas” de amor e de esperanza. Porque o cantar é iso, falar poñendo o corazón, arredando os medos. Por iso agora máis que nunca e xa que logo é así que o cantar ten todo o seu sentido. Para arredar o mal e non perder a capacidade expresiva dos sentimentos. E aínda máis, se ese canto se comparte, ademais de arredar os males nunha danza de confabulación cos nosos e coa terra primitiva, en comunal asociación, un empeza

**O nadal ten
un modo peculiar de
se anunciar: a climatoloxía
invernal coas xeadas,
ventoeiras, noites longas,
días curtos, humidades no
ambiente, neboeiros,
a natureza espida...**



a sentirse socialmente conxionado na esencial transformación humana do marabilloso co sinxelo e entrañable. Nese acto social e sublime de compartir na sinxeleza, é onde aparecen os vilancicos, no fondo limpo e puro máis que nas formas. E os vilancicos non queren ser máis que iso, poemiñas sinxelos musicalizados para compartir ou cantar a media voz. Composicións cheas de bos desexos e mornura, de esperanza posta nun novo abrir dun sol poderoso e invencible que arrinque tantas teimas e medos, hoxe asimilados e interrelacionados co nacemento de Cristo e co Nadal relixioso. Foi así que a relixión fixo esquecer antigos ritos, mitos e significados solsticiais do inverno (o apedreamento das árbores –rito no que as árbores reciben a bronca dos seus donos para que se volvan vizo-sas despois de seren arengadas e apedreadas –, a renovación do lume –lume novo ou tizón purificador que espantará os males–, o Sol Neno, etc) reinterpretados en función do Neno Xesús (nacido nun escenario humilde e facilmente imaxinable para as nosas poboacións rurais que o asumen e adaptan, mesmo axudados de músicos cultos –xeralmente o clero– aos antigos ritos). E por riba, coa revolución industrial no século XIX, estas datas sufriron outra metamorfose e deron como resultado unha “nova” anovación: de festa comunal en liturxia relixiosa, e logo pasou a festa familiar que amosa formas externas nas que manda o gasto

proporcional –aínda que sempre desproporcionado– ao poder adquisitivo. Benestar material e felicidade a módicos prezos. Pero que perdeu, loxicamente, a “súa maxia”. O feitizo do sinxelo e profundo. Porque se perderon as claves que interpretan os nosos comportamentos espontáneos e convértenos en contraditorias condutas que se volven rutineiras.

*Volta aquí, volta acolá
vai o río andando, andando,
quen queira chegar ben lonxe
¡cantas voltas ten que ir dando!
Son voltas, son voltas,
son voltas do meu dedal
son voltas, son voltas,
das noitiñas do Nadal.*

Así, por exemplo, o acto de comer unha ducia de uvas o día 31 de decembro ao son das badaladas horarias, é un costume moi recente nacido no primeiro terzo do século XIX. Este acto silenciou outros –sinxelos e fondos– como o vello costume, máis noso, que non deixa de ser curioso para as predicións climatolóxicas do ano que viña. Consistía en que o máis ancián da familia –represen-





tante da experiencia e sabedoría no tempo— protagonizaba unha adiviñación para os doce meses vindeiros. E así, pola noitiña e despois da cea, en presenza de familia e veciños – un vínculo litúrxico— collía a pa do forno e enriba dela ía poñendo pedras de sal en número de doce e que numeraba correlativamente. Explicábaselles –sobre todo ós máis novos— aquel rito para que estimasen a importancia das chuvias, das secas, etc., das que, en definitiva, dependía a súa economía e existencia. Deixábase pasar a noite. A pa quedaba en posición horizontal a carón do forno e pola mañá despois de durmiren e xa coa luz do día ían, de novo, todos a veren o que aquela cerimonia anunciaba para o ano principiado. Era o vello ou vella quen lía nas pedras de sal a climatoloxía do ano novo. E tiña a prudencia de non afirmar con rotundidade nin sacar outras conclusións que non viñeran a conto, promovendo outras observacións das témporas, da colocación das estrelas no


ambiente da noite, anunciaba –aínda que non garantía— un mes de marzo algo chuvioso. Se a pedra 9 estaba movida de sitio anunciaba fortes ventos nas canículas de setembro. Se a pedra número 10 estaba desfeita e diluída de todo, quería dicir que en outubro chovería a chuzos. As pedras que seguían enteiras, indicaban bo tempo ou alomenos estabilidade ou sintonía coa estación á que pertencía. E así sucesivamente, segundo o estado das pedras de sal colocadas na noite anterior na pa do forno, unha persoa de idade e con capacidade e argumentos dados pola experiencia, interpretaba para os presentes as cautelas e coidados que habería que ter en conta para o ano novo. Era a contemplación dun futuro desde a clara lonxanía duns signos, certamente. Pero que tiña o seu por que, o seu para que e o seu para quen. Era un rito máis, con toda a súa simplicidade e carga premonitoria, sen máis pretensión.



ceo, dos ventos, do comportamento dos animais, das plantas, das fontes e das augas. Se por exemplo a terceira pedra, e numerada co número tres, estaba medio desfeita pola humidade

Por fortuna, na memoria das nosas xentes quedan máis ritos fascinantes, e quedan tamén vilancicos e panxoliñas, reis e xaneiras, cantos compartidos que –en moitos casos— pola súa sinxeleza e sensibilidade semellan cantos de berce descritivos e que amosan e satisfán esa tenrura entrañable do cantar feito sen présas,

docemente, na procura do sono reparador que prepara para un novo día. Algúns destes cantos de arrolar ou falar baixiño mestúranse con cantos de ofrenda.



E Rorró

Amodiño

E ro ro ro ro meu ne e no E ro
 ro ro ro o meu a mor. Eu son
 un po bre ga le go ve ño do sul da te rri ña i-ó Ne
 no Xe sú lle tra io len zo pra-un ha ca mi si ña.

Tamén hai os vilancicos de chamada, moito menos tenros porque normalmente son máis vivos e participativos e que realmente chaman á xuntanza

da celebración convocando a todos cantos queiran. Cada quen axuda co que pode, coa voz, con instrumentos de percusión caseiros:

Alegría meus amigos

LEDO

A le gri a meus a mi gos mais a le gri a-e pra
 cer a le cer con tan que na ceu un ne no ga rri
 do-e de gran xa cer con tan cer.



Tamén os hai narrativos, nos que normalmente alguén conta o relato cantando e os demais contestan –se é o caso– cun

estribillo ou retrouso secuenciado que permita descansar ó narrador ou senón axudan a cantar acompañando ó mesmo.

No pendello

LEDO


No pen de llo que-hai xun to-o ca mi ño ho xe-as
do ce da noi te na ceu un me ni ño pe que ni ño que pa
re ce do ce o ca eu. Un me ni ño pe que ni ño que pa
re ce do ce o ca eu. En tre-o

Nos cantos do Nadal tamén aparecen outras pezas de despedida e saúdo ao novo ano. Son cantos menos definidos no propio tempo. Algúns poderían ser de calquera festa do ano tanto en letras como en modo interpretativo. Non son vilancicos propios pero teñen a súa certa orixinalidade porque son soporte para a danza e a festa, aproveitando, como xa dixemos, ruadas e foliadas de calquera outro momento.

Supoño que estes cantos serven de mostra da enorme riqueza da Nosa Cultura de Tradición Oral na que supervive apegada a un rito unha linguaxe común de alegato e profecía na que aínda os oíntes poden revirar-

se protagonistas e exercer a súa condición libre e liberadora.

Hai vintecinco anos da morte-asasinato de Víctor Jara. Era el quen tamén dicía aquilo de que “... si cala o cantor, cala a vida”. Cada vez avanza máis a soidade e o silencio, o frío sen caricias e a mudez. Iso si, ...aló ao fondo do horizonte, ao lonxe-lonxe, séntese unha melodía engaiolante que nos arrastra totalmente seducidos e apreixados, sen vontade, como o canto da serea, mentres quedamos calados. Confiemos que só sexan *voltas das noites de Nadal*, que por certo, é un vilancico tradicional que recollín a un gran e querido informante de Olas (Mesía, A Coruña) xa hai ben tempo.



Son voltas da Navidá

Vol tas e vol ti ñas vol ta as vol ti ñas po
lo-a rre do o o re... Son vol ta as son
vol ta as son vol tas que-o mun do da Son
vol ta as son vol ta as da noi te de Na vi
da



Raigame